




Ademais traballamos as habilidades sociais e sociolaborais nun programa formativo

Técnicos de emprego
Down Galicia



Mozos discapacitados realizarán prácticas nunha cadea de supermercados



Teima consegue o terceiro contrato laboral para unha moza coa síndrome de Down

Diario de Ferrol
Domingo, 26 de setembro do 2005



Unha vintena de mozos galegos coa síndrome de Down demostran a súa valía en empresas ordinarias

Faro de Vigo
Domingo, 1 de xuño do 2005



O FREGEMOSLLES...

Participar nun proxecto de ámbito comunitario, que favorecerá a imaxe e a economía da súa empresa, ao tempo que colabora nun servizo de interese social, que lle proporciona traballadores formados á medida das súas necesidades.

- Traballadores cualificados formados directamente nos seus postos de traballo.
- Contratos subvencionados.
- Exencións fiscais.
- Posibilidade de cubrir a reserva obrigatoria de postos de traballo para persoas con discapacidade con traballadores capacitados.
- Asesoramento, seguimento e apoio durante todo o tempo que o traballador permaneza na empresa.



FEDERACIÓN GALEGA DE INSTITUCIÓNS PARA O SÍNDROME DE DOWN
R/Dublín, 6. Baixo, 15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tel.: 981 581 167 Fax: 981 563 434
downgalicia@telefonica.net

ASOCIACIÓNS MEMBROS:

"TEIMA": ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN DE FERROL
R/ Armada Española, 32, 15406 Ferrol
Tel.: e Fax 981 322 230
teimadownferrol@terra.es • www.down-teima.iespana.es

DOWN CORUÑA: ASOCIACIÓN PARA EL SÍNDROME DE DOWN
Centro Comercial del Ventorrillo, planta 1, local 3, 15010 A Coruña
Tel.: 981 263 388 • Fax: 981148134
downcoruna@terra.es • www.down-coruna.com

DOWN COMPOSTELA: ASOCIACIÓN PARA A SÍNDROME DE DOWN DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
R/Dublín, 6. Baixo, 15707 Santiago de Compostela
Tel. / Fax: 981 563 434
assidoco@terra.es • www.downcompostela.org

ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN LUGO
R/ Miguel de Cervantes, 34, baixo, 27003 Lugo
Tel. / Fax: 982 240 921
downlugo@lugonet.com

"XUNTOS": ASOCIACIÓN PONTEVEDRESA PARA EL SÍNDROME DE DOWN
R/ Cobián Roffignac, 9, 2º, 36002 Pontevedra
Tel. / Fax 986 865 538
xuntos@iponet.es • www.iponet.es/xuntos

DOWN VIGO. ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN
R/ Portela, Nº 48 Baixo
36214 Vigo -Pontevedra
Tel. 986201656 Fax: 986214954
downvigo@yahoo.es

DOWN OURENSE
R/ Faustino Santalices 6 bajo B, 32002 Ourense
Tel. / Fax 988 231 032
dounourense@yahoo.es

Subvencionado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística



EMPREGO CON APOIO





¿QUEN SOMOS?

A Federación Galega de Institucións para a Síndrome de Down (Down Galicia) é unha entidade sen ánimo de lucro que agrupa as asociacións para a síndrome de Down da Comunidade Autónoma de Galicia.

O sentido principal da existencia do movemento Down Galicia vén dado pola necesidade de establecer as medidas precisas para garantir a igualdade de oportunidades das persoas coa síndrome de Down, a través da provisión de servizos e actividades das que están desprovistas no seu contorno.

Todos os programas postos en marcha dende a orixe das entidades que constitúen Down Galicia responden a unha análise rigorosa da realidade. A través destes programas, preténdese garantirles ás persoas con síndrome de Down as maiores cotas de independencia e participación social, na mesma medida que o resto de cidadáns.

Dende Down Galicia pensamos que as persoas con discapacidade intelectual deben ter a oportunidade de demostrar as súas capacidades mediante o acceso a un emprego.

¿QUE FACEMOS?

Utilizamos a metodoloxía do emprego con apoio, entendendo como tal un sistema de emprego integrado na comunidade dentro das empresas normalizadas, para persoas con discapacidade, mediante a provisión dos apoios necesarios dentro e fóra do lugar de traballo. O emprego con apoio permítelle á persoa con síndrome de Down adquirir as destrezas, habilidades e coñecementos que demande o seu posto de traballo.

A figura do preparador laboral é fundamental no proxecto. É a persoa que acompañará ó novo traballador durante o seu proceso de formación, será o encargado da mediación nas relacións cos seus compañeiros e superiores, e de que desenvolva as tarefas de forma progresiva ata acadar o grado de autonomía necesario.

¿COMO O FACEMOS?

